



Un día inmóbil

Marica Campo

É posíbel que as bolboretas inmobilizadas polo alfinete que as atravesou outrora, levanten voo para libar, desde a súa inexorábel quietude, todo o néctar das flores, a seguiren producindo vida?

Acontece.

Eran os últimos días de febreiro do ano 2004 e, tras unha reunión en Compostela de «Cultura solidaria», grupo promovido por *Acción Contra el Hambre* do que Luísa Villalta facía parte, acudimos á presentación de *Intifada. Ofrenda dos poetas galegos a Palestina*, reedición ampliada do libro de poemas editado en 1989. Coido que non erro se aseguro que aquela foi a derradeira vez en que a poeta á que se lle dedica este 2024 o Ano das Letras Galegas recitou en público.

A xuntanza da amentada ONG tiña por finalidade preparar o Camiño que iamos facer varias persoas de diversos ámbitos das artes (pintura, escultura, teatro, literatura). Aproveitaríamos unha longa ponte de San Xosé e, rematada a experiencia, expresariámola nun libro que venderíamos a prol de *Acción Contra el Hambre*.

Percorremos o Camiño, do Cebreiro a Compostela, malia que as obrigas laborais nos impuxeron recortes nalgúns casos, e escribimos o libro (*As pegadas do Camiño. Un camiño solidario*); mais Luísa xa transitaba o do Alén. Non obstante, todas e todos sentiamos a súa presenza, tiñamos a certeza de que, dalgún xeito, nos acompañaba.

A presentación do libro *Intifada*, publicado pola Fundación Araganey, tivo lugar á anoitecida no hotel do mesmo nome. Alí, os autores e autoras presentes, démoslle lectura ao poema da nosa